

# ÚNETE A NÓS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A reflexión da semana:

## ***A IGUALDADE FAINOS MÁIS LIBRES COMO PERSOAS***

### **1. A desigualdade como raíz da violencia de xénero**

As raíces da violencia de xénero están nunha cultura e organización social que asume a superioridade do masculino sobre o feminino, que despreza e desvaloriza ás mulleres e tamén o mundo e a cultura feminina, as súas formas de relación, de comportamento e de existir.

A violencia contra as mulleres nace dun sistema de relacións de xénero que ao longo da historia postulou que os homes son superiores ás mulleres, que teñen diferentes cualidades e que exercen diferentes roles. Estes **roles estereotipados** asignaban dominación, poder e control aos homes e submisión, dependencia e aceptación indiscutible da autoridade masculina ás mulleres. Neste contexto, tolerábase socialmente que os homes utilizasen a violencia no seo da súa familia para afianzar a súa autoridade.

En definitiva, existen dous **factores fundamentais** que se sitúan na base mesma da **violencia de xénero**:

- a desigualdade entre homes e mulleres e
- o poder tamén desigual entre ambos os dous, establecendo relacións de sometemento, control e subordinación.

Os maltratadores queren manter esta situación de poder, control e subordinación e para iso empregan distintas formas de violencia.

As agresións sufridas polas mulleres como consecuencia das condicións socioculturais que actúan sobre o xénero masculino e feminino e que sitúan as mulleres nunha posición de subordinación respecto do home maniféstanse nos tres ámbitos básicos de relación da persoa:

- Agresión sexual na vida social,
- Acoso no eido laboral,
- Maltrato no seo das relacións de parella

## 2. Esteriotipos e roles

### Roles de xénero

- O rol de xénero (do inglés gender role) alude ao conxunto de normas sociais e comportamentais xeralmente percibidas como apropiadas para os homes e as mulleres nun grupo ou sistema social dado en función da construción social que se ten da masculinidade e feminidade.

### Esteriotipos de xénero

- Están constituídos por ideas, prexucios, actitudes, crenzas e opinións preconcebidas, impostas polo eido social e cultural, que se aplican de forma xeral a todas as persoas pertencentes a unha categoría, nacionalidade, etnia, idade, sexo, orientación sexual, procedencia xeográfica, etcétera.



Imaxen fonte: Instituto nacional das mulleres

## 3. Linguaxe sexista versus linguaxe inclusiva

### linguaxe sexista

- É a expresión que se emprega para referirse ao sexismo asociado ao uso da linguaxe. Diversos organismos e lexislacións recomentan usar unha linguaxe non sexista, a cuxo fin editan guías e desenvolven políticas lexislativas.

### linguaxe inclusiva

- A linguaxe inclusiva, é un estilo que intenta asegurar que todos os membros da sociedade son tratados co mesmo respecto e que ningún individuo ou grupo é pasado por alto ou denigrado. A linguaxe inclusiva evita os termos que poden ser considerados ofensivos, ou en cuxos esteriotipos algunhas persoas se concentran para ver en que se diferencian dos demais. Por exemplo, a linguaxe que fai suposicións sobre os individuos baseándose na súa raza, discapacidade, sexualidade ou xénero podería non ser considerada inclusiva.



# Decálogo del lenguaje inclusivo

**1** Evita el uso del masculino genérico y utiliza sustantivos genéricos y colectivos. *Alumnado, profesorado, familias...*

**2** Realiza perífrasis. *Las personas interesadas, en vez de los interesados.*

**3** Utiliza construcciones metonímicas. *La ciudadanía, la infancia o la juventud frente a los ciudadanos, los niños o los jóvenes.*

**4** Emplea sustantivos o adjetivos invariables. *Estudiante o habitante, en lugar de alumno o ciudadana.*

**5** Sustituye sustantivos por adjetivos sin marca de género. *Infantil, juvenil o humano, en lugar de niños, jóvenes o del hombre.*

**6** Omite los determinantes o emplea aquellos sin marca de género. *Cualquier o cada paciente, en vez de los pacientes.*

**7** Utiliza pronombres sin marca de género. *Quien/quienes, alguien o cualquier en lugar de el/los que o algún. ¿Quién quiere que se apunte?*

**8** Cambia la redacción jugando con la voz verbal. *Se entrevistará, en lugar de será entrevistado, o tiene la obligación en lugar de está obligado.*

**9** Realiza desdoblamiento alternando el orden. *Todas y todos, las chicas y los chicos, las madres y los padres. Cuida que los determinantes se desdoblen: las y los docentes.*

**10** Evita el uso de la barra o la arroba. *Altagenera, Estirfona@.*

Este decálogo ha sido extraído del libro 71 propuestas para educar con perspectiva de género. [www.fuhem.es/71proposito](http://www.fuhem.es/71proposito)

**FUHEM**  
educación+ecosocial

## 4. Corresponsabilidad e coeducación

### QUE É?

#### QUE SIGNIFICA A CORRESPONSABILIDADE?

É a responsabilidade compartida dunha situación ou actuación determinada entre dúas ou máis persoas. As persoas corresponsables posúen os mesmos deberes e dereitos na súa capacidade de responder polas súas actuacións nas situacións ao seu cargo.

Ás mulleres asignáronse tradicionalmente tarefas e responsabilidades relacionadas coa familia e o fogar, e aos homes tarefas e responsabilidades de tipo laboral, cultural e político. Esta distribución respondía á aplicación de dúas lóxicas ben diferenciadas: dun lado a lóxica masculina e patriarcal da produción, doutro a lóxica feminina e maternal da reprodución, producíndose historicamente unha subordinación da lóxica reprodutiva á lóxica produtiva.

Nos últimos anos tense producido un avance considerable no acceso das mulleres ao ámbito público, á formación, ao emprego e ao lecer; con todo continúa pendente o acceso dos homes ao ámbito do fogar. No ámbito persoal sitúanse unha boa parte dos elementos que configuran a fronteira da desigualdade, máis concretamente no fogar e a familia e ao redor das tarefas que esixe o seu correcto mantemento.

A corresponsabilidade doméstica configúrase como o contrapunto necesario para conseguir a igualdade completa no mundo laboral, posto que non cabe falar dunha igualdade real mentres a muller desempeña unha dobre ou triples xornada que a obrigue a renunciar ao seu tempo de lecer.

O obxectivo é conseguir unha situación de plena corresponsabilidade doméstica e dunha plena paternidade, que implique que tanto homes como mulleres asuman por igual a responsabilidade e as tarefas que supoñen o mantemento do fogar e o coidado dos/as fillos/as, e que termine coa tradicional división sexista das funcións.

Consiste, así pois, nunha distribución equitativa e democrática das responsabilidades e actividades domésticas, que se traducirá nun reparto equitativo entre os dous sexos dos tempos de produción, coidado das persoas, tarefas domésticas e tempo de descanso.

## QUE É?

A coeducación é un método de intervención educativo que parte do principio da igualdade entre sexos e a non discriminación por razón de sexo. Coeducar é educar a nenos e nenas do mesmo xeito, e non facelo de modo diferente segundo o seu sexo. Por exemplo, non pensar que as nenas por ser nenas son máis sensibles ou máis tranquilas, e os nenos máis movidos e fríos polo simple feito de ser nenos.

## QUE PODEMOS FACER PARA COEDUCAR?

Principalmente tratar de non etiquetar nin condicionar segundo o sexo, algo difícil ás veces polo noso pasado, pero non imposible. E como se fai isto? Aquí deixámosvos uns cantos exemplos de coeducación:

- **Analizando os nosos comentarios:** Un exemplo de coeducación sería tratar de non alabar sempre a beleza nas nenas (xa chega coa publicidade e os medios), e a forza, rapidez ou valentía nos nenos.
- **Non agrupando por sexos:** Isto refórzalles a idea de que as súas diferenzas (porque cada un é único e diferente) átopanse no seu sexo, e non na súa personalidade, capacidades, gustos, etc. Isto axudará a non perpetuar estereotipos.
- **Organizando espazos e actividades de xeito igualitaria:** A coeducación tamén debe estar presente en xogos e actividades, sexa a idade que sexa procurando que todo o mundo teña oportunidade para todo tipo de xogo, que proben todos, aínda que non sexan bos en algo, ou non lles atraia. E dialogando pódéselles explicar que non hai xogos de nenos ou de nenas, nin cores, nin gustos. A coeducación aposta pola elección libre de cada un en base ás súas preferencias únicas. Todo isto é algo que, por suposto, non debe ser transmitido de xeito puntual, senón de xeito continuado ao longo do tempo.
- **Revisando a nosa linguaxe e os materiais que usamos habitualmente, en especial a literatura infantil:** Adquirir novos títulos que rompan estereotipos e facer uso dos clásicos de xeito correcto. Un clásico guiado pode dar para moito debate e traballo.
- **Realizando actividades de concienciación en coeducación:** Por exemplo, coa publicidade, cos medios de comunicación, cas revistas...

## Suxestións audiovisuais



### MONÓLOGO:

*"NO SOLO DUELEN LOS GOLPES"*

De Pamela Palenciano

### CURTAMETRAXE:

*"Despierta Raymundo, despierta"*

De Alfredo Alves



*"La cenicienta que no quería comer perdices"*

De Nunila López e Miriam Cameros  
(ilustracións)



*"NI MÁS NI MENOS"*

RAP creación colectiva\*

\* Conoce el rap "Ni más ni menos" para fomentar la igualdad de género en el que han participado alumnos y alumnas del IES Avempace, IES Valdespartera, IES Miralbueno, CEIP Doctor Azúa, CEIP José María Mir y El Espartidero. La iniciativa se ha gestado en unos talleres de Rap Creativo que se han impartido en los centros aragoneses

## E un poema:

Me dijeron:  
No te pongas ese vestido tan corto.  
Y después violaron a una mujer cuando llevaba sus vaqueros favoritos.

Me dijeron:  
No te quedes hasta muy tarde.  
Después arrancaron la ropa y tocaron los pechos de una chica a plena luz del día en unas fiestas populares

Me dijeron:  
No viajes sola por la noche.  
Y después violaron y mataron de día a dos mujeres, cuando descubrían el mundo, acompañadas la una de la otra.

Me dijeron:  
No cojas el transporte público por la noche.  
Luego manosearon a una chica en el metro, sin que nadie hiciera nada, de camino a la universidad.

Me dijeron:  
Pídele a algún amigo que te acompañe a casa.  
Y luego señalaron y llamaron calientapollas a una chica cuando lo hizo.

Me dijeron:  
No sonrías a extraños.  
Y luego gritaron borde, puta y quiéntecreesqueeres a una mujer por pasar de largo.

Me dijeron:  
No bebas mucho.  
Y después pusieron droga a una chica en su bebida.

Me dijeron:  
Ten siempre el teléfono a mano.  
Y luego una mujer recibió en ese mismo teléfono un vídeo de todas las cosas que le habían hecho la noche anterior.

Me dijeron:  
Vuelve por calles iluminadas.  
Y aun así violaron a una chica en su portal.

Me dijeron:  
No te vayas con desconocidos.  
Y luego una mujer fue violada por un amigo. Una pareja. O un familiar.

Me dijeron:  
Escríbeme cuando llegues.  
Luego nadie la creyó.

Me dijeron:  
Denuncia.  
Y después le preguntaron qué llevaba puesto, cuánto bebió y por qué se fue con él.

Me dijeron. Me dijeron. Me dijeron.  
Ten cuidado, ten cuidado, ten cuidado.  
Lo tuve. Lo tengo. Lo tendré.

¿Lo empiezas a entender?  
No me digas a mí lo que tengo que hacer.

Díselo a ellos.

Enséñales consentimiento.  
Enséñales que NO significa NO.  
Enséñales respeto.  
Enséñales que las mujeres no somos un juguete, ni un objeto, ni una propiedad.  
Enséñales a ser responsables.  
Enséñales a no violar.

A veces me pregunto si nos odiáis.  
A veces me pregunto por qué nos odiáis.  
De forma lógica. De forma emocional. Diciendo. Preguntando. Rogando.  
Lo hemos intentado todo.

Ya no sé qué más decirte.  
Ya no sé cómo explicarlo.  
Ya no sé cómo pedirlo.  
Qué coño queda por hacer.  
No queda nada.

Excepto dolor.  
Y rabia.

*Este texto es una traducción y adaptación del increíble texto que Vitika Roy publicó en su muro de Facebook, desde BuzzFeed España nos pusimos en contacto con ella, que accedió a que lo tradujésemos y adaptásemos a España para que pudiera llegar a más gente.*